

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA E TURISMO

10394 *Real decreto 847/2015, do 28 de setembro, polo que se regula o Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual e o procedemento de comunicación previa de inicio de actividade.*

A Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, estableceu un novo marco regulador da comunicación audiovisual no noso ordenamento xurídico. En efecto, con anterioridade á aprobación da dita norma, os servizos audiovisuais estaban regulados e diferenciados polo ámbito de transmisión ou difusión e a súa prestación acostumaba exixir a obtención dun título administrativo (concesión, autorización administrativa ou comunicación fidedigna), dependendo da tecnoloxía pola cal se emitía e difundía. A maior parte dos servizos estaban inscritos no correspondente rexistro. A Lei 7/2010, do 31 de marzo, unificou a normativa audiovisual, ata entón dispersa, introduciu actualizacións alí onde se demandaban e deu garantía legal a novas situacións que non encontraran resposta por parte do lexislador. Unha das súas principais novidades é o establecemento dun réxime xurídico básico e, por primeira vez, unificado, para a prestación de servizos de comunicación audiovisual nun mercado transparente e plural. O novo réxime pivota sobre o principio de liberalización da prestación dos servizos de comunicación audiovisual que, de acordo co artigo 22 da citada lei, se configuran xa non como servizos públicos senón como servizos de interese xeral. Así, os agora denominados servizos de comunicación audiovisual de interese xeral préstanse en réxime de libre competencia, coas restricións derivadas da limitación do espectro radioeléctrico e da necesaria protección dos dereitos e intereses dos cidadáns.

Este real decreto ten un obxectivo dobre. En primeiro lugar, desenvólvese o previsto na Lei 7/2010, do 31 de marzo, en canto aos requisitos no noso país para prestar os servizos de comunicación audiovisual, radiofónicos, televisivos, conexos e interactivos. En particular, desenvólvese o previsto no artigo 23.1 da citada norma legal respecto do réxime de comunicación previa. Neste sentido, a comunicación previa, como medio de poder adquirir a condición de prestador dun servizo e acceder a un sector económico, adáptase ás innovadoras medidas recollidas pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, e introducidas no noso ordenamento xurídico pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, encamiñadas a mellorar a regulación do sector servizos reducindo as trabas inxustificadas. Así, os artigos 5 e 7 da dita lei viñeron establecer a obriga das administracións públicas de aplicar os principios de non discriminación, necesidade e proporcionalidade na determinación do modelo de iniciación do procedemento, así como a obriga de elixir a opción menos restritiva na determinación do dito modelo (artigo 39 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común). Malia que os servizos de comunicación audiovisual están excluídos do ámbito de aplicación da dita lei, a Lei 7/2010, do 31 de marzo, opta pola comunicación previa de inicio da prestación de servizos de comunicación audiovisual, conforme a definición recollida no artigo 71 bis da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, buscando así dotar de maior celeridade e eficacia o inicio da dita actividade. Non obstante o anterior, o establecemento da comunicación previa como única exixencia para prestar servizos de comunicación audiovisual realizárase sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección por parte das administracións públicas, tal e como recolle o artigo 71 bis 3.

En segundo lugar, mediante o presente real decreto establécese o réxime xurídico da inscrición no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual sometidos á xurisdición española, así como a súa estrutura - ordénanse os servizos audiovisuais, de acordo coa norma comunitaria, en función de se son lineais ou non lineais-, e o seu funcionamento. Todo iso, de acordo co establecido na disposición

adicional sétima da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que incardina este rexistro no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. En efecto, a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia encomenda algunhas funcións da extinta Comisión do Mercado das Telecomunicacións ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Na súa disposición adicional sétima enuméranse as funcións que en materia audiovisual exercerá o dito ministerio, entre as cales está a de recibir as comunicacións de inicio de actividade dos prestadores do servizo de comunicación audiovisual e a de levar o Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual. Ademais, como réxime transitorio, a Lei 3/2013, do 4 de xuño, na súa disposición transitoria cuarta, establece que «en relación coas funcións que, conforme o establecido nesta lei, se deban traspasar aos ministerios, serán desempeñadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, unha vez que entre en funcionamento, ata o momento en que os departamentos ministeriais dispoñan dos medios necesarios para exercelas (...)». O Real decreto 657/2013, do 30 de agosto, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, establece concrecións deste período transitorio na súa disposición transitoria sexta, e dispón que «por orde do ministro da Presidencia, por proposta do departamento ministerial que asuma as funcións e dos ministerios de Economía e Competividade e de Facenda e Administracións Públicas, se determinará a data a partir da cal o dito departamento ministerial comezará a exercer de forma efectiva as referidas competencias». En consecuencia, o presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no «Boletín Oficial del Estado» da citada orde ministerial.

Por outra parte, a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, promulgouse co obxectivo fundamental de impulsar a aplicación de medios electrónicos aos procesos de traballo e á xestión dos procedementos e da actuación administrativa, baixo criterios de simplificación administrativa. Así pois, a utilización de medios electrónicos polas administracións públicas configúrase como un dereito dos cidadáns e unha obriga para a Administración. En particular, o artigo 27.6 da citada Lei 11/2007, do 22 de xuño, prevé que «regulamentariamente, as administracións públicas poderán establecer a obrigatoriedade de comunicarse con elas utilizando soamente medios electrónicos, cando os interesados se correspondan con persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que, por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados, teñan garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.» Pola súa parte, o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, establece, no seu artigo 32, que a obrigatoriedade de comunicarse por medios electrónicos poderá comprender, se é o caso, a práctica de notificacións administrativas por medios electrónicos, así como a necesaria utilización dos rexistros electrónicos que se especifiquen.

Dada a natureza da actividade desenvolvida polos prestadores de servizos de comunicación audiovisual, o Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual que agora se regula está destinado a incluír persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que, pola súa dedicación profesional ou pola súa capacidade técnica, teñen garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos para se comunicaren co Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo utilizando medios electrónicos. Por iso, co fin de contribuír ao impulso do uso dos medios electrónicos nas relacións da Administración coas empresas e profesionais, e facilitar a tramitación dos procedementos de inscrición e modificación dos datos achegados polos prestadores, considérase oportuno establecer a obrigatoriedade do uso de medios de comunicación electrónicos para a xestión do Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual.

Por outro lado, co fin de promover a transparencia no mercado audiovisual e permitir o control das previsións legais para garantir o pluralismo nese mercado, o Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual estará accesible na páxina web

do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para a súa consulta por parte de calquera persoa física ou xurídica, Administración pública ou institución de calquera natureza. A dita previsión está en liña co previsto pola normativa comunitaria. Efectivamente, a Directiva 2010/13/UE, do 10 de marzo de 2010, sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual (Directiva de servizos de comunicación audiovisual), sinala, no seu considerando 45, que «dadas as características específicas dos servizos de comunicación audiovisual e, en especial, a súa incidencia nas opinións das persoas, é esencial que os usuarios saiban exactamente quen é responsable do seu contido». Seguidamente recomenda que «os Estados membros velen para que os usuarios teñan un acceso fácil e directo en todo momento á información respecto do prestador do servizo de comunicación».

Outro elemento importante, de acordo co disposto no artigo 33.4 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, son as relacións que se deberán establecer entre o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e os órganos responsables en cada comunidade autónoma para promover a articulación das canles necesarias de colaboración que faciliten o acceso e a coordinación cos rexistros autonómicos. A previsión do artigo 33.4 citado –que sinala que «as autoridades audiovisuais competentes do Estado e das comunidades autónomas deberán articular unha canle que asegure a necesaria coordinación entre o rexistro estatal e os rexistros autonómicos, e facilite o acceso por medios telemáticos ao conxunto de datos que constan nestes»– cobra especial importancia tras a promulgación da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado. Entre os ámbitos de aplicación da mencionada lei encóntrase o sector audiovisual, en canto que é un sector económico e lle son aplicables as disposicións establecidas nela relativas á simplificación máxima dos trámites administrativos, así como as relativas á eficacia en todo o territorio nacional da comunicación previa de inicio de actividade contidas no capítulo V da citada lei. En consecuencia, o presente real decreto establece os mecanismos de relación entre os rexistros autonómicos e o estatal, e opta por un modelo de rexistro estatal que conteña canta inscrición se produza nas comunidades autónomas, converténdose desta maneira nun repositorio central de toda a información sobre servizos audiovisuais. Este feito non supoñerá ningún menoscabo para o desenvolvemento das competencias audiovisuais que se encontran atribuídas dentro da normativa sectorial ás comunidades autónomas.

En canto á súa estrutura, o real decreto consta de 35 artigos, estruturados en catro títulos, unha parte final composta por unha disposición adicional única, dúas disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras, así como un anexo. O título preliminar contén as disposicións xerais da norma. O título I regula as condicións para prestar servizos de comunicación audiovisual. O título II dispón o relativo ao procedemento para recoñecer a perda da condición de prestador de servizos de comunicación audiovisual. Finalmente, o título III regula o Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual e consta de cinco capítulos (o capítulo I, sobre suxeitos obrigados a inscrición e sobre os datos e actos inscribíbles; o capítulo II, sobre o procedemento de inscrición; o capítulo III, sobre o réxime xurídico da inscrición; o capítulo IV, sobre a estrutura e o funcionamento do Rexistro; e o capítulo V, sobre o marco para a colaboración entre o Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual e os rexistros autonómicos correspondentes, conforme as previsións establecidas na normativa vixente). O real decreto contén un anexo coa estrutura do rexistro.

En canto á tramitación do real decreto, deuse audiencia no seo do Consello Asesor de Telecomunicacións e Sociedade da Información, de acordo co previsto no Real decreto 1029/2002, do 4 de outubro, polo que se establece a composición e o réxime de funcionamento do dito órgano.

O presente real decreto dítase ao abeiro da competencia do Estado para establecer a normativa básica sobre medios de comunicación social, de acordo co disposto no artigo 149.1.27.^a da Constitución, sen prexuízo das facultades que no seu desenvolvemento e execución lles correspondan ás comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de setembro de 2015,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é establecer a organización e o réxime de funcionamento electrónico do Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual e as súas relacións cos rexistros autonómicos de servizos de comunicación audiovisual, así como o procedemento de comunicación previa de inicio de actividade.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación a todos os servizos de comunicación audiovisual de cobertura estatal, de acordo co previsto no artigo 2.3 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

Artigo 3. *Definicións.*

Os termos mencionados neste real decreto teñen o significado previsto no artigo 2 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

TÍTULO I

Prestación do servizo de comunicación audiovisual

Artigo 4. *Condicións para a prestación de servizos de comunicación audiovisual.*

1. A prestación de servizos de comunicación audiovisual que se presten mediante ondas hertzianas terrestres requirirá licenza previa.

2. A prestación de servizos de comunicación audiovisual de ámbito estatal que non se presten mediante ondas hertzianas terrestres requirirá a comunicación ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, fidedigna e con carácter previo ao inicio da actividade, de acordo co previsto no artigo seguinte.

3. As persoas físicas ou xurídicas de países non membros do Espazo Económico Europeo que presten servizos de comunicación audiovisual deberán designar un representante domiciliado en España para efectos de notificacións.

Artigo 5. *Forma de realizar a comunicación previa.*

1. A comunicación previa realizarase mediante a aplicación do rexistro electrónico, accesible na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

2. A información achegada polos prestadores do servizo de comunicación audiovisual será a que se relaciona nos puntos do artigo 12, salvo as letras h), i), j), k) e l) do artigo 12.1 e as letras e) e ñ) do artigo 12.2.

3. Unha vez realizada a comunicación previa, o interesado poderá iniciar a prestación do servizo de comunicación audiovisual.

Artigo 6. *Emenda da comunicación previa.*

1. Tras a recepción da comunicación previa, o órgano competente comprobará que o interesado reúne os requisitos para ser prestador do servizo de comunicación audiovisual.

2. Se a documentación achegada polo interesado estivese incompleta, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende as deficiencias ou xunte os documentos preceptivos.

3. Transcorrido o prazo sinalado sen que se achegase a información prevista nas letras a), b), c), d), e), f) e g) do artigo 12.1 e a prevista nas letras a), d), f), g), h), i) e k) do artigo 12.2, ou no caso de que o interesado non reúna os requisitos para ser prestador do servizo de comunicación audiovisual, o titular da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información ditará resolución motivada na cal determinará a imposibilidade de continuar prestando o servizo.

4. Contra a resolución prevista no punto anterior, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co previsto no artigo 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou a dita resolución poderá ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 7. *Comunicación previa sen efectos.*

1. A comunicación previa non producirá ningún efecto nos supostos previstos no artigo 71 bis.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e, en todo caso, nos seguintes supostos:

a) Cando sexa realizada por quen, tendo efectuada xa unha comunicación previa, fose sancionado coa privación dos seus efectos nos dous anos anteriores mediante resolución administrativa firme.

b) Cando sexa realizada por quen, tendo obtido unha licenza previa para calquera ámbito de cobertura, fose sancionado coa súa revogación nos dous anos anteriores mediante resolución administrativa firme.

c) Aquelas sociedades nas cales unha participación significativa no seu capital social ou, se é o caso, de control, directo ou indirecto, persoas que se encontren nalgunha das situacións das alíneas a) e b).

d) Cando sexa efectuada por persoas físicas ou xurídicas que prestasen servizos audiovisuais noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo e unha autoridade audiovisual dun Estado membro lles prohibise o exercicio da súa actividade durante os dous últimos anos por atentar contra os principios e valores do Convenio europeo de dereitos humanos.

e) Cando sexa efectuada por persoas físicas ou xurídicas que prestasen servizos audiovisuais noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo e unha autoridade audiovisual dun Estado membro lles prohibise o exercicio da súa actividade durante os dous últimos anos por atentar contra o disposto na normativa europea en materia de protección de menores.

2. Por resolución do titular da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, no prazo de tres meses desde que se realizou a comunicación previa, declararase a concorrencia de calquera das circunstancias previstas no punto anterior e, se é o caso, a imposibilidade de instar un procedemento similar co mesmo obxecto e a duración da dita imposibilidade.

3. Contra a resolución prevista no punto anterior, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co previsto no artigo 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou a dita resolución poderá ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 8. *Prestación de servizos de comunicación audiovisual suxeitos a licenza.*

A prestación de servizos de comunicación audiovisual mediante ondas hertzianas terrestres farase de conformidade coa licenza outorgada en concurso público, en virtude do previsto no artigo 27 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

TÍTULO II

A perda da condición de prestador de servizos de comunicación audiovisual

Artigo 9. *Causas da perda da condición de prestador de servizos de comunicación audiovisual.*

1. O prestador de servizos de comunicación audiovisual de ámbito estatal deixará de ter a dita condición de forma xeral baixo os supostos enunciados no artigo 71.4 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e, en particular, nos seguintes casos:

- a) Polo cesamento na actividade do prestador do servizo.
- b) Por extinción da personalidade xurídica do prestador, salvo nos supostos de fusións ou concentracións empresariais. Así mesmo, no suposto de persoas físicas, en caso de morte ou incapacidade sobrevida.
- c) Por sanción administrativa firme, de acordo co establecido no título VI da Lei 7/2010, do 31 de marzo, que determine a perda da condición de prestador de servizos de comunicación audiovisual.
- d) Por extinción da licenza no caso de servizos que se leven a cabo mediante ondas hertzianas terrestres, conforme o previsto no artigo 30 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

2. As circunstancias previstas nas letras a) e b) do punto anterior deberán ser comunicadas inmediatamente polo prestador ao Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual.

Artigo 10. *Recoñecemento da perda da condición de prestador de servizos de comunicación audiovisual.*

1. A perda da condición de prestador de servizos de comunicación audiovisual será acordada por resolución do titular da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

2. O procedemento iniciarase de oficio nos seguintes termos:

- a) Nos supostos das letras a) e b) do punto 1 do artigo 9, tras a recepción da comunicación das circunstancias sinaladas nestes.
- b) No suposto da letra c) do punto 1 do artigo 9, unha vez que adquirise firmeza a sanción imposta.
- c) No suposto da letra d) do punto 1 do artigo 9, a extinción da licenza comportará a perda da condición de prestador de servizos de comunicación audiovisual.

3. O prazo para acordar a perda da condición de prestador de servizos de comunicación audiovisual será de tres meses desde o acordo de iniciación do procedemento.

4. Contra a resolución prevista no punto anterior, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co previsto no artigo 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou a dita resolución poderá ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

TÍTULO III

O Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual

CAPÍTULO I

Suxeitos obrigados a inscrición e datos e actos inscribíbles

Artigo 11. *Prestadores de servizos de comunicación audiovisual incluídos no rexistro.*

Serán inscritos de oficio no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual, cos efectos previstos no artigo 14, os seguintes suxeitos:

- a) Os prestadores do servizo de comunicación audiovisual, de ámbito estatal de titularidade pública ou privada, sometidos á xurisdición española.
- b) Os titulares de participacións significativas nos prestadores do servizo de comunicación audiovisual, de acordo co artigo 33.2 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

Artigo 12. *Datos e actos inscribíbles.*

Será obxecto de inscrición a seguinte información:

1. Con respecto ao prestador do servizo de comunicación audiovisual:

- a) Nome e apelidos ou, se é o caso, denominación ou razón social e nacionalidade do prestador.
- b) Número de identificación fiscal do prestador (NIF) ou documentación equivalente en caso de ser un prestador non español.
- c) Domicilio social do prestador.
- d) Nome, apelidos, documento nacional de identidade ou pasaporte do representante legal e documento acreditativo da capacidade de representación.
- e) Domicilio e enderezo de correo electrónico do representante do prestador do servizo de comunicación audiovisual.
- f) Domicilio en España para efectos de notificacións do prestador de servizos de comunicación audiovisual.
- g) Nome e apelidos ou, se é o caso, denominación ou razón social; inclúrase o número de identificación fiscal dos titulares de participacións significativas no capital social, con indicación das porcentaxes correspondentes, tanto directa como indirectamente. Así mesmo, débese indicar o número de accións por accionista con participacións significativas.
- h) Documentación acreditativa da constitución da persoa xurídica.
- i) Órganos de administración da sociedade no caso de que o prestador de servizos sexa unha persoa xurídica, e modificacións posteriores.
- j) Documentación acreditativa da participación do prestador de servizo de comunicación audiovisual e/ou dos seus socios no capital ou nos dereitos de voto doutros prestadores.
- k) Documentos que acrediten os actos e os negocios xurídicos que impliquen a transmisión, a disposición ou o gravame das accións a que se refire a letra anterior, ou a cesión ou promesa de cesión de accións, participacións ou títulos equivalentes que teña como efecto a adquisición directa ou indirecta das accións dunha empresa cuxo obxecto sexa a prestación dun servizo de comunicación audiovisual.
- l) No caso de licenciatarios de servizos de comunicación audiovisual sen ánimo de lucro, indicárase a dita característica de forma expresa.

2. Con respecto a cada servizo de comunicación audiovisual que ofrezca o prestador:

- a) Denominación comercial do servizo de comunicación audiovisual.
- b) Características xerais do servizo (televisivo ou non, licenciatario ou non) e tipo de contido (xeneralista ou temático).
- c) Idioma ou idiomas do servizo.

- d) Tipo de emisión do servizo de comunicación audiovisual (lineal, por petición, en aberto, codificado, de pagamento por subscripción, pagamento por visión ou outros).
- e) Número administrativo do título habilitante para o uso do dominio público radioeléctrico, en caso de que o servizo o requira.
- f) Modo de transmisión do servizo: televisión dixital terrestre (TDT), DAB, AM, FM, satélite, cable, IPTV, internet ou outros. Ademais, en caso de se tratar de emisión radiofónica, indicarse se se trata dunha emisión en cadea.
- g) Plataformas de difusión de servizos audiovisuais; entenderanse polo dito concepto os servizos comerciais prestados por terceiras entidades que difundan entre a súa oferta de canles o servizo de comunicación audiovisual do prestador.
- h) Denominación do operador que presta o servizo de enlace ascendente (up-link) con indicación da capacidade de satélite, transpoñedores e frecuencia utilizada, en caso de emisión por satélite.
- i) Páxina web ou dominio a través do cal resulta accesible o servizo de comunicación audiovisual, no suposto de se tratar dun servizo por petición.
- j) Data de inicio de emisións e data de cesamento de emisións en caso de estar prevista.
- k) Ámbito xeográfico das emisións.
- l) Tipoloxía da audiencia obxectivo.
- m) Horario de emisións do servizo.
- n) Cesamento da prestación do servizo de comunicación audiovisual e causas.
- ñ) Identificación da prestación de servizos de subtitulado, audiodescrición e lingua de signos.

CAPÍTULO II

Procedemento de inscrición

Artigo 13. *Dereito de inscrición.*

1. Os prestadores do servizo de comunicación audiovisual de titularidade pública ou privada de ámbito estatal terán dereito a estar inscritos no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual.

2. Os datos dos prestadores de servizos de comunicación audiovisual de ámbito autonómico ou local inscritos no seu correspondente rexistro autonómico de prestadores de servizos de comunicación audiovisual integraranse no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual, de acordo co disposto no título V.

Artigo 14. *Carácter da inscrición.*

A inscrición no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual terá carácter declarativo.

Artigo 15. *Procedemento de inscrición no rexistro.*

A primeira inscrición no rexistro, tanto en relación co prestador como co servizo de comunicación audiovisual que se pretenda prestar, practicarase de oficio unha vez outorgada a preceptiva licenza ou unha vez efectuada a comunicación previa, conforme o disposto no artigo 5.

Artigo 16. *Número único de inscrición.*

O procedemento de alta no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual asignará ao prestador un número único de inscrición co cal poderá inscribir as sucesivas modificacións dos datos inscritos.

Artigo 17. *Información que se debe achegar para tramitar a inscrición no rexistro.*

Para a súa inscrición no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual, o prestador deberá achegar a información contida no artigo 12 que resulte aplicable, dependendo de se o prestador se encontra sometido ao réxime de comunicación previa ou ao réxime de licenza.

CAPÍTULO III

Réxime xurídico da inscrición

Artigo 18. *Realización da inscrición.*

1. Recibida a documentación no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual, o dito órgano examinará e verificará se cumpre os requisitos para proceder á inscrición.

2. En caso de que conste toda a documentación, validarase a inscrición no rexistro e comunicarase ao prestador.

Artigo 19. *Modificación dos datos inscritos no rexistro.*

1. Os prestadores do servizo de comunicación audiovisual de ámbito estatal deben comunicar ao Rexistro Estatal de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual calquera modificación que afecte a información contida neste.

2. As modificacións que se realicen sobre os datos e os actos inscritos por parte dun prestador que dimanen de calquera acto da Administración serán notificados ao responsable do rexistro para poderen ser inscritos de oficio.

Artigo 20. *Prazo para comunicar a modificación de datos inscritos no rexistro.*

O prazo para a comunicación das modificacións será dun mes desde a data en que estas se produzan.

Artigo 21. *Comunicación da modificación.*

A comunicación de modificación de calquera dato ou acto inscrito no Rexistro Estatal de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual deberase realizar mediante a aplicación informática accesible a través da sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Artigo 22. *Documentación que se debe achegar á comunicación de modificación de datos inscritos no rexistro.*

A calquera comunicación de modificación dos datos ou actos inscritos no Rexistro Estatal de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual e, en particular, no caso de modificacións relativas aos posuidores de participacións significativas nun prestador, xuntaráse a correspondente documentación acreditativa.

Artigo 23. *Outros datos incluídos no rexistro.*

1. Practicaranse anotacións de oficio, á marxe da inscrición correspondente aos prestadores de servizos de comunicación audiovisual, que recollan, se é o caso, a imposición de calquera sanción firme imposta de conformidade coa Lei 7/2010, do 31 de marzo, e, en particular, farase constar o cesamento das emisións e a clausura provisional dos equipamentos e instalacións.

Para estes efectos, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia comunicarlle á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da

Información as resolucións e os actos que, no marco das súas competencias, impoñan as sancións a que se refire o punto anterior.

2. Igualmente, poderanse inscribir como anotacións preventivas as situacións extrarrexistras que poidan afectar os datos e os actos inscritos.

3. As notas e as anotacións practicadas cancelaranse cando conste que deixaron de concorrer as circunstancias que determinaron a súa práctica.

Artigo 24. *Cancelación da inscrición.*

Tras a perda da condición de prestador de servizos de comunicación audiovisual de acordo co previsto no artigo 10, cancelárase de oficio a inscrición do prestador de servizos de comunicación audiovisual no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual.

Artigo 25. *Réxime de recursos.*

1. As resolucións que deneguen a inscrición no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual, así como as resolucións de cancelación de inscrición, ambas aprobadas polo titular da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, poñerán fin á vía administrativa.

2. Contra as resolucións previstas no punto anterior poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, de acordo co previsto no artigo 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou as ditas resolucións poderán ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

CAPÍTULO IV

Organización e funcionamento do rexistro

Artigo 26. *Obxecto do rexistro.*

O Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual ten por obxecto recoller as inscricións obrigatorias de todos os prestadores de servizos de comunicación audiovisual de ámbito estatal e, se é o caso, dos rexistros autonómicos, así como cantos feitos, negocios xurídicos e circunstancias técnicas afecten os titulares dos servizos e o propio servizo, así como as súas modificacións.

Artigo 27. *Natureza e ámbito do rexistro.*

1. O Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual ten carácter público e natureza administrativa.

2. O Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual é de ámbito estatal e está adscrito á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

3. O tratamento dos datos contidos no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual quedará afectado polas disposicións establecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 28. *Xestión electrónica do rexistro.*

1. A xestión do Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual será exclusivamente electrónica.

2. Os prestadores de servizos de comunicación audiovisual consultarán, realizarán xestións, achegarán documentación e realizarán as comunicacións oportunas ante o Rexistro Estatal de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual mediante o acceso á aplicación correspondente na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

3. As comunicacións polas cales se requira a emenda dos datos ou documentación achegados notificaranse por medios electrónicos aos interesados, que poderán consultalas

logo de identificación de forma segura na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

4. As comunicacións aos interesados distintas ás previstas no punto anterior realizaranse por medios electrónicos.

Artigo 29. *Estrutura do rexistro.*

1. O Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual estará estruturado en dous grupos:

- a) Prestadores de servizos de comunicación audiovisual lineais.
- b) Prestadores de servizos de comunicación audiovisual non lineais.

2. Cada grupo estará integrado por seccións, da forma especificada no anexo.

Artigo 30. *Información contida no rexistro.*

A información contida no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual será a contida no artigo 12, en relación tanto cos prestadores do servizo de comunicación audiovisual como cos servizos de comunicación audiovisual que presten.

Artigo 31. *Publicidade formal do rexistro.*

Na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poñerase á disposición a información relativa aos prestadores de servizos de comunicación audiovisual, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Artigo 32. *Acceso ao rexistro.*

As inscricións do Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual serán públicas e os asentos rexistrais practicados serán de libre acceso para a súa consulta por calquera persoa, cos límites establecidos no artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Artigo 33. *Expedición de certificados.*

1. Calquera persoa física ou xurídica poderá solicitar certificacións de prestadores de servizos de comunicación audiovisual e demais actos inscritos.

2. As certificacións rexistrais acreditarán fidedignamente o contido dos asentos rexistrais.

CAPÍTULO V

Relación cos rexistros autonómicos de prestadores do servizo de comunicación audiovisual e colaboración entre eles

Artigo 34. *Colaboración do rexistro estatal cos rexistros autonómicos.*

1. A información intercambiada entre os rexistros autonómicos e o rexistro estatal estará contida sempre en soporte electrónico.

2. Os órganos responsables dos rexistros autonómicos deberán achegar a información necesaria para completar os datos contidos no rexistro estatal.

Artigo 35. *Formas de cooperación entre o rexistro estatal e os rexistros autonómicos.*

En cumprimento dos principios de colaboración entre o Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual e os rexistros autonómicos, estableceranse as seguintes formas de cooperación:

a) Os rexistros autonómicos de prestadores de servizos de comunicación audiovisual comunicaranlle ao Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual a inscrición e as modificacións dos prestadores de servizos de comunicación audiovisual rexistrados, así como o cesamento de actividade, ao tempo de practicar os correspondentes asentos, mediante a remisión de copia autorizada da correspondente folla rexistral e das súas modificacións.

b) Tanto o rexistro estatal como os rexistros autonómicos de prestadores de servizos de comunicación audiovisual facilitaranse mutuamente copia da documentación de que dispoñan, cando respectivamente a requiran para o exercicio das funcións rexistrais que lles corresponden.

Disposición adicional única. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Suxeitos obrigados á inscrición.*

Os prestadores de servizos de comunicación audiovisual de ámbito nacional que ata a entrada en vigor da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, non tivesen a obriga de realizar a comunicación previa á prestación do servizo, así como aqueles outros que iniciasen a súa actividade e non estean inscritos en ningún dos rexistros, dispoñerán dun prazo de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto para comunicalo ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, para efectos da súa inscrición no Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual.

Disposición transitoria segunda. *Suxeitos inscritos en anteriores rexistros administrativos.*

Unha vez entre en vigor este real decreto, requiriranse os prestadores de servizos de comunicación audiovisual para efectos de que, se é o caso e no prazo de tres meses, actualicen ou completen a información contida no rexistro anterior.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de execución.*

1. O titular do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá ditar as disposicións de aplicación e execución deste real decreto.

2. O titular do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá modificar mediante resolución o contido dos anexos deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.27.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de normativa básica sobre medios de comunicación, sen prexuízo das facultades que no seu desenvolvemento e execución lles correspondan ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no «Boletín Oficial del Estado» da orde ministerial a que se refire a disposición transitoria sexta do Real decreto 657/2013, do 30 de agosto.

Dado en Madrid o 28 de setembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ

ANEXO

Estrutura do Rexistro Estatal de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual

Prestadores de servizos de comunicación audiovisual lineal	Licenza	Televisión	Ámbito estatal
			Ámbito autonómico e local
	Radio		Ámbito estatal
			Ámbito autonómico e local
Comunicación previa	Televisión e radio ámbito estatal		
	Televisión e radio ámbitos autonómico e local		
Prestadores de servizos de comunicación audiovisual non lineal	Comunicación previa ámbito estatal		
	Comunicación previa ámbitos autonómico e local		